

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 4 de marzo de 2021 pola que se habilita electronicamente o procedemento administrativo de prazo aberto en materia de fundacións de interese galego, protectorado desta consellería, e se habilita na sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento MT001A).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas e, polo tanto, tamén na Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia. Con ela dáse continuidade ao recoñecemento legal do dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración por medios electrónicos, que xa realizaba a, actualmente derogada, Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que as administracións públicas deberán garantir que as persoas interesadas poden relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para o que porán á súa disposición os canais de acceso que sexan necesarios, así como os sistemas e aplicacións que, en cada caso, se determinen.

Así, esta medida foi configurada como una liña prioritaria de actuación polo Goberno galego posto que existen procedementos administrativos estáticos ou de prazo aberto para a presentación de solicitudes que, por estaren regulados en normas anteriores á posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia (Orde do 15 de setembro de 2011, DOG núm. 138, do 23 de setembro) aínda recollen a presentación exclusivamente presencial por parte dos seus destinatarios. Os procedementos novos estarán dispoñibles electronicamente, o que contribuirá a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta de Galicia e o conxunto da cidadanía.

A tramitación electrónica con carácter xeral é optativa para as persoas físicas, que poderán elixir, en todo momento, se se comunican coas administracións públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non. Pola contra, están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación

CVE-DOG: dyzarvt9-p9a0-kfm0-wxz2-11zksnus36m4



obligatoria, e os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da dita actividade profesional, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de empregado público; e polo tanto esta obriga de acordo ao artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, alcanza ás fundacións, coma organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afecto de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral, e coma entidade é, polo tanto, un suxeito obrigado.

De acordo co establecido no artigo 66 da referida Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando a Administración nun procedemento en concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio pola persoas interesadas.

A cidadanía ten que ser a primeira e principal beneficiaria do acceso electrónico e a Administración queda obrigada a transformarse nunha administración electrónica rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da Constitución.

Por outro lado, o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.30 atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva sobre normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.

De conformidade co Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, correspóndelle a esta as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados na Constitución española e no propio Estatuto.

En definitiva, a regulación dos procedementos administrativos obxecto desta norma realízase en diversa normativa sectorial; a presente orde límitase a habilitar a presentación electrónica das correspondentes solicitudes, mediante a súa incorporación á sede electrónica da Xunta de Galicia, co obxecto de que os usuarios poidan relacionarse coa Administración con medios electrónicos.

Así pois, en cumprimento da normativa citada, o procedemento estará dispoñible telematicamente, o que contribuirá a seguir afondando no impulso dunhas relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Xunta de Galicia e a cidadanía.

CVE-DOG: dyzarvt9-p9a0-kfm0-wxz2-11zksnus36m4



En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. A presente orde ten por obxecto adaptar e habilitar a presentación electrónica de solicitudes do procedemento administrativo de prazo aberto dirixido ás fundacións, cuxo protectorado é exercido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, código de procedemento MT001A.

2. Así mesmo, para o devandito procedemento suprímese a existencia da documentación que de acordo coa lexislación vixente non se pode exixir para a súa tramitación ou á cal a Administración galega pode acceder directamente mediante a plataforma de interoperabilidade administrativa.

3. O dito procedemento habilitaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> e figurarán na Guía de procedementos e servizos regulada pola Orde do 12 de xaneiro de 2012.

Inscripción no Rexistro de Fundacións de Interese Galego protectorado da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4. A regulación do dito procedemento queda circunscrita ao ámbito competencial desta consellería e ao desenvolvemento da súa tramitación na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa habilitación na sede electrónica da Xunta de Galicia, estando prevista na normativa, estatal básica e autonómica que se detalla de seguido:

– Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19 de decembro).

– Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro).

– Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións (BOE núm. 310, do 27 de decembro).



– Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).

– Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).

– Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (BOE núm. 307, do 24 de decembro).

– Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos (BOE núm. 283, do 24 de novembro).

Artigo 2. *Presentación de solicitudes*

1. De conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos. No procedemento regulado nesta orde que se detalla a continuación, as solicitudes dos actos aos que se refiren os artigos 21 e 22 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que figura no anexo I a esta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

– Inscripción no Rexistro de Fundacións de Interese Galego protectorado da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

2. Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica, presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 3. *Documentación*

1. A documentación complementaria, que figura no anexo de solicitude do procedemento, poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia



dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante.

En todas as solicitudes de inscrición e de expedición de certificacións rexistras deberán presentar:

– Xustificante de pagamento da taxa correspondente.

E segundo o tipo de solicitude, a seguinte documentación:

- Copia autorizada da escritura pública.
- Certificación/acta do acordo adoptado polo padroado (expedida polo/a secretario/a co visto e praxe do/da presidente/a).
- Documento acreditativo da designación e aceptación do cargo de membro do padroado.
- Escritura pública/documento privado con sinatura lexitimada por persoa que dea fe pública no caso de cese por renuncia.
- Resolución xudicial ou administrativa.
- Plan de actuación.
- Documentación contable: Balance; Memoria; Conta de resultados.
- Libros para legalizar: actas; contas; diario.
- Acreditación da representación legal da Fundación con copia da escritura notarial da representación.
- Outro/s débense especificar.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

CVE-DOG: dyzarvt9-p9a0-kfm0-wxz2-11zksnus36m4



3. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

6. No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante ou representante, de forma electrónica, supere os tamaños límites establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para isto, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación dos procedementos previstos na presente orde, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade representante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 5. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Artigo 6. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As persoas interesadas deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente, para o que deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada única a través de Notifica.gal, de conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas que se realicen polos órganos e entidades do sector público autonómico de Galicia practicaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, dirección electrónica habilitada única. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: dyzarvt9-p9a0-kfm0-wxz2-11zksnus36m4



Artigo 7. Información do estado de tramitación

A información personalizada sobre o estado de tramitación dos procedementos, a relación dos actos de trámite realizados, a indicación do seu contido, así como a data na que foron ditados, estarán á disposición na carpeta cidadá, con independencia da canle de presentación de solicitudes.

Artigo 8. Resolución e silencio administrativo

1. De conformidade co artigo 49 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, as autorizacións que, de acordo coa presente lei, corresponda efectuar ao protectorado se entenderán concedidas se non se recibira resolución expresa no prazo dun mes, a contar desde a presentación da solicitude.

2. Os prazos empezarán a computarse o día en que a solicitude teña entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Transcorridos os prazos citados sen notificación da resolución, poderá entenderse estimada a solicitude de inscrición correspondente, de conformidade co establecido no artigo 28 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 9. Taxas

A inscrición dos actos efectuarase mediante a presentación da solicitude, acompañada da documentación correspondente aos actos suxeitos á inscrición contemplados no artigo 20 do Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego e do xustificante do abono da taxa correspondente conforme ao previsto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. As taxas están dispoñibles na páxina da Atriga:

<http://www.atriga.gal/documents/16561/30785634/Tarifas-vigentes-2021-es.pdf/964bfa58-7405-4a02-9738-85f6448a2e45>

Consellería de: Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Código 15.

Servizo de: Secretaría Código 01.

Códigos específicos para Fundacións: 30.46.00 Actuacións en materia de fundacións.

30.46.01 Inscrición inicial no Rexistro de Fundacións.



30.46.02 Inscripción de modificación de estatutos.

30.46.03 Inscripción de modificación do órgano de goberno (ceses, nomeamentos, substitucións, aceptacións).

30.46.04 Inscripción de delegacións de facultades, revogacións e apoderamentos.

30.46.05 Inscripción de fusión, escisión e extinción.

30.46.06 Inscripción do alleamento, o gravame e o aluguer de bens.

30.46.07 Inscripción de accións de responsabilidade contra os membros do órgano de goberno.

30.46.09 Inscripción de intervencións temporais.

30.46.10 Outros actos sometidos a inscrición.

30.46.11 Obtención de informacións ou certificacións do Rexistro.

– Primeiro folio.

– Seguintes folios (por unidade).

30.46.12 Expedición de listados de entidades inscritas.

– Primeiro folio.

– Seguintes folios (por unidade).

30.46.13 Anotacións de calquera clase nos expedientes ou subministración de datos non incluídos nos apartados anteriores.

30.46.14 Expedición de copia de estatutos.

30.46.15 Dilixenciado de libros (actas, diario, contas, etc).

Disposición adicional primeira. *Actualización dos modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser actualizados co obxecto de mantelos adaptados á



normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte (20) días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente Territorio e Vivenda

CVE-DOG: dyzarvt9-p9a0-kfm0-wxz2-11zksnus36m4




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRICIÓNS NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO PROTECTORADO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT001A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA

PARROQUIA	LUGAR

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

ACTOS OBXECTO DE INSCRICIÓN

☐ Clasificación, declaración de interese galego e inscrición inicial

☐ Modificación de estatutos

☐ Modificación da dotación

☐ Modificacións do padroado

☐ Delegacións e apoderamentos

☐ Acción de responsabilidade

☐ Resolución xudicial de intervención temporal

☐ Transformación, fusión e/ou extinción

☐ Liquidación e baixa rexistral

☐ Delegación de fundacións

☐ Outro/s (especificar):

OUTRA INFORMACIÓN SUXEITA A CONSTANCIA REXISTRAL

☐ Plan de actuación

☐ Contas anuais

☐ Legalización de libros

☐ Outro/s (especificar):





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

SOLICITUDES DE CERTIFICACIÓNS E/OU INFORMACIÓN REXISTRAL

☐ **CERTIFICADO DE DENOMINACIÓN**

Poden solicitarse ata tres denominacións distintas. O certificado expedirase pola primeira que non conste inscrita.

1. FUNDACIÓN:
2. FUNDACIÓN:
3. FUNDACIÓN:

☐ **CERTIFICACIÓNS DE ACTOS INSCRITOS**

Descrición dos datos ou actos dos que se solicita certificación:

☐ **COPIAS DOCUMENTOS INSCRITOS**

Descrición da documentación da que se solicita copia:

☐ **OUTRO/S (especificar):**

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

En todas as solicitudes de inscrición e de expedición de certificados rexistrais deberán presentar:

☐ Xustificante de pagamento da taxa correspondente

E segundo o tipo de solicitude, a seguinte documentación:

☐ Copia da escritura pública

☐ Certificación/acta do acordo adoptado polo padroado (expedida polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a)

☐ Documento acreditativo da designación e aceptación do cargo de membro do padroado

☐ Escritura pública/documento privado con sinatura lexitimada por persoa que dea fe pública no caso de cese por renuncia

☐ Resolución xudicial ou administrativa

☐ Plan de actuación

☐ Documentación contable:

☐ Balance

☐ Memoria

☐ Conta de resultados

☐ Libros para legalizar:

☐ Actas

☐ Contas

☐ Diario

☐ Outro/s (especificar):

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación legal da Fundación con copia da escritura notarial da representación			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante

OPÓÑOME Á
CONSULTA

☐

DNI/NIE da persoa representante

☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

AUTORIZO A
CONSULTA

NIF da entidade representante

☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Finalidades do tratamento

Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven, en especial a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Dependendo do sistema de identificación que utilice, poderá acceder á súa carpeta de cidadán ou á carpeta da Fundación que representa.

Lexitimación para o
tratamento

O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. E se é o caso, o consentimento da persoa interesada.

Destinatarios dos datos

As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información. Non se prevé cesión a terceiros.

Exercicio de dereitos

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Contacto coa persoa delegada
de protección de datos e máis
información

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19 de decembro).

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro).

Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións (BOE núm. 310, do 27 de decembro).

Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).

Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 2 de febreiro).

Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (BOE núm. 307, do 24 de decembro).

Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos (BOE núm. 283, do 24 de novembro).

Orde do 4 de marzo de 2021 pola que se habilita electronicamente o procedemento administrativo de prazo aberto en materia de fundacións de interese galego, protectorado desta consellería, e se habilita na sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento MT001A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

 galicia

Secretaría Xeral Técnica

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

